

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

LUNS 29, NA LIBRARÍA COUCEIRO DE COMPOSTELA

Marcelino Fernández Mallo presenta 'A trenza', a súa primeira novela

O oito por cento dos ingresos do libro destinaranse a 'Implicadas no Desenvolvemento'.

Redacción - 11:20 29/09/2008

En 2005 publicou [Cabilia](#), un libro de relatos [ben recibido pola crítica](#). Con [A trenza](#) dá o salto á novela, cunha historia dura, que trata da fragilidade da vida, e das situacións terribes das que nin os eficientes funcionarios poden fuxir nun momento dado. O libro ábrese co seu protagonista, Mario Quintela, na cadea de Teixeiro, agardando para ser entrevistado pola psicóloga da prisión. Na entrevista vanse coñecendo os detalles que levaron a Quintela a esa situación. En xeral, a novela, na que se mesturan outras historias, como a dun un home que gaña a vida traficando e unha azafata de congresos, ten unha intensa temática social.

O libro presentarase a partir das 20.30 horas na librería Couceiro de Santiago de Compostela, e o autor estará acompañado por Xoán Antón Pérez Lema, secretario xeral de Relacións Institucionais da Xunta de Galicia, e por Lois Rodríguez, editor de Vieiros. Trátase da segunda obra en galego publicada pola [editorial Ézaro](#), despois da tradución de *A pel fría*, do catalán Sánchez Piñón. Fernández Mallo decidiu que o oito por cento dos ingresos do libro vaian destinados á ONG [Implicadas no Desenvolvemento](#).

Marcelino Fernández Mallo é economista e colabora en varios medios de comunicación, [entre eles Vieiros](#). En xullo [estreou na rede](#) o [primeiro capítulo da novela](#). Así mesmo, [a novela conta cun blog](#) para informar das novidades ligadas á súa promoción, e facilitar o contacto cos lectores.